

R. Pichel Gotérrez (2008): “A habilitación do romance na documentación do mosteiro de Sto. Estevo de Chouzán (Lugo)”, en E. Corral Díaz / L. Fontoira Suris / E. Moscoso Mato: *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 479-493.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

A HABILITACIÓN DO ROMANCE NA DOCUMENTACIÓN DO MOSTEIRO DE STO. ESTEVO DE CHOUZÁN (LUGO)

Ricardo Gutiérrez Pichel

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA/UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1 Introducción

Tal e como veñen referendando as investigacións dos últimos anos no eido da sociolingüística histórica, a habilitación do romance na produción instrumental galega é xeral a partir de 1255.

“A razón é moi sinxela, pois nese ano rexistramos non menos dunha ducia de documentos plenamente romances, que aparecen redactados en dez lugares distintos, o que dá a medida da difusión que estaba atinxindo a innovación (...) Santa Clara de Allariz, Santa Comba de Naves, Sobrado de Trives, Monforte, Ferreira de Pallares, Vilanova de Lourenzá, Lugo, Melón, Montederramo... A partir dese ano e ata 1260, rexístranse un mínimo de cinco documentos por ano (1256) e un máximo de trinta e dous (1259), nunha tendencia de incremento progresivo que se consolidará e acentuará na década seguinte” (Monteagudo 2007: 306-7).

Con todo, esta situación non resulta completamente abrupta en relación ao período que a precede¹. Por unha banda, a confección notarial en romance inaugúrase no primeiro cuarto do século², e ata 1255 contabilízanse un mínimo de 15

1 A diferenza co que acontece no territorio do Alén-Miño: tendo en conta o acervo textual conservado, o despegue da produción instrumental romance en Portugal é posterior á galega (ca. 1270).

2 No estado actual das investigacións, o primeiro diploma labrado en romance que coñecemos data de 1231 e foi producido no mosteiro de Melón (Souto Cabo 2003b: 813 e 2008b: 172-3). Ao primeiro terzo talvez pertenza un relato procesual pertencente ao fondo documental do

diplomas monolingües³. Por outra parte, con anterioridade a 1255 o hibridismo latino-romance é frecuente desde as primeiras décadas do século, especialmente na documentación relativa ao campo tipolóxico da xestión patrimonial e/ou económica e, particularmente, nos contratos enfitéuticos:

“O aforamento revélase como o modelo máis permeable á transmisión e propagación da *scripta* vernácula no corpo do documento, seguido da compravenda a doazón e a permuta. Tal e como se indicou, nestes tipos textuais a *dispositio* adoita desenvolverse con maior escrupulosidade, debido a que ás partes lles interesa precisar o mellor posible a delimitación espacial do(s) ben(s) obxecto de cesión/transacción. Canto máis no foro, onde o corpo do documento se amplía cunha matizada concreción da *sanctio* e da *corroboratio*, na que se puntualizan as condicións do canon ou renda establecidas para cada dominio útil” (Gutiérrez Pichel / Cabana Outeiro 2007: 156-7).

O obxectivo deste estudo é rexistrar a habilitación do romance na produción instrumental do mosteiro de Sto. Estevo de Chouzán, a través da análise das actitudes escriturarias, canto á alternancia ou permanencia do código lingüístico, presentes na actividade notarial vinculada a este cenobio carballedés⁴. En segundo lugar, preséntase a edición dos tres primeiros diplomas labrados en romance (a. 1262, 1267 e 1276) producidos neste mosteiro.

2. A habilitación do romance en Sto. Estevo de Chouzán

Tal e como se pode comprobar no seguinte cadro, a produción de instrumentos notariais en latín é hexemónica nos dous primeiros terzos do século (a. 1216-1260).

mosteiro de Ferreira de Pallares (Gutiérrez Pichel 2008: 102-4, nota 37; cfr. Souto Cabo 2006: 38 e 2008a: 58, nota 44).

3 Véxase por exemplo os traballos de Boullón Agrelo 2004: 24-5; Gutiérrez Pichel / Cabana Outeiro 2007: 131-2. Lorenzo 2004: 31-57, Monteagudo 2007: 306-7 e Souto Cabo 2006: 65 e 2008b: 169-180.

4 Esta contribución enmárcase dentro da liña de investigación “Edición paleográfica de obras medievas” desenvolvida no grupo de traballo do TMILG (*Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*), no Instituto da Lingua Galega. Así mesmo, é debedora do traballo de investigación presentado na USC como Memoria de Licenciatura, dirixida por Xavier Varela Barreiro e Ramón Mariño Paz (Gutiérrez Pichel [2008]). Agradézolle aos meus codirectores, así como aos membros do tribunal (entre os que se atopa, precisamente, o homenaxeado) presentes na defensa da devandita tese de licenciatura, as críticas e orientacións formuladas.

ANO	LINGUA	NOTARIO	TIPOLOXÍA
1216	latín	Pedro	foro
1219	latín	Pedro	foro
1230	latín	Fernando, “monachus”	foro
1238	latín	Pedro Arteiro	foro
1241	latín	Pedro Arteiro	foro
1243	latín	Pedro Arteiro	foro
1248	latín	Pedro Arteiro	foro
1255	latín	Xoán Pérez	foro
1258	latín	Xoán Pérez	vendas
1260	latín	Xoán Arteiro	foro
1260	latín	Xoán Pérez	foro
1261	híbrido	Xoán Pérez de Castro	foro
1262	híbrido	Xoán Pérez de Castro	foro
1262	híbrido	Xoán Pérez de Castro	foro
1262	romance	aux. Xoán Arteiro pral. Airas Moniz	venda
1267	romance	Airas Moniz	venda
1276	romance	aux. Xoán Arteiro pral. Roí Pérez	foro
1279	romance	aux. Xoán Pérez de Castro pral. Roí Pérez	foro
1282	romance	aux. Xoán Pérez de Castro pral. Roí Pérez	venda
1283	romance	aux. Xoán Pérez de Castro pral. Roí Pérez	foro
1283	romance	aux. Xoán Pérez de Castro pral. Roí Pérez	foro
1283	romance	aux. Xoán Pérez de Castro pral. Roí Pérez	foro
1285	romance	aux. Domingo Rodríguez pral. Roí Pérez	foro
1286	romance	aux. Domingo Rodríguez pral. Roí Pérez	foro
1287 (ca.)	latín	Roí Pérez	sentenza
1287	romance	aux. Pedro Eanes pral. Xoán Rodríguez	avinza
1288	romance	aux. Airas Eanes pral. Roí Pérez	foro
1288	romance	aux. Airas Eanes pral. Roí Pérez	avinza
1289	romance	aux. Airas Eanes pral. Roí Pérez	venda
1289	romance	aux. Airas Eanes pral. Roí Pérez	presentación de igrexa
1291	romance	aux. Airas Eanes pral. Roí Pérez	foro
1292	romance	aux. Airas Eanes pral. Roí Pérez	foro
1302	romance	aux. Airas Eanes pral. Xoán Domínguez	foro
1303	romance	aux. Airas Eanes pral. Xoán Domínguez	foro

A partir desta data, comezan a aparecer diplomas (a. 1261, 1262 [2]) labrados por un novo notario (Xoán Pérez de Castro), cun grao considerable de hibridismo latino-romance. Estes trazos vernáculos agrúpanse, como é habitual na documentación dispositiva desta época, nos espazos diplomáticos máis flexibles e permeables do documento, nas chamadas ‘partes libres’ ou menos condicionadas ao formulismo xurídico-notarial latino⁵. Dentro do corpo do documento isto acontece especialmente na *dispositio*, treito no que se condensan as indicacións locativas, os límites territoriais⁶ e o canon ou especies de pagamento correspondentes ao aproveitamento da terra obxecto de *negotium*. Velaí os fragmentos romanceados dos tres diplomas híbridos presentes nesta colección documental:

AHN, Clero, A Coruña, S. Paio de Antealtares, carp. 521, nº 12 (1261, xuño, 5). *Notum sit per hoc scriptum omnibus hominibus presentibus et futuris quod ego, domna Maior Sancí, priorissa secunda monasteríi Sancti Stephani de Frauzano, de mandato et assensu monialium eiusdem loci, tibi, Petro Martini, capellano de Lausada, do atque concedo montem illum et locum qui dicitur Baruectos, cum omni sua uoce et cum omnibus suis pertinencijs super uillam de Bustelo, «sub signo» Sancte Marie de Carualledo, in cauto de Lausada, sicut diuiditur de Bustelo per cima do Castrillon, et inde sicut uenit áá caruala torta das Paredes et inde ad marchum qui stat nos Fontáos et inde per ipsam regariam a festo áá fonte d’ Espineiros et inde a directo áó camino quod uadit para Uilar de Mulieribus.*

AHN, Clero, A Coruña, S. Paio de Antealtares, carp. 521, nº 13 (1262, xaneiro, 29). *Notum sit omnibus h[ominibus] ta[m] pres[entibus] quam futuris quod ego, domna Maior Sancí, priorissa secunda de Flauzano, [u]na [cum] conuentu [mon]ial[ium] et c[lericorum] eiusdem [l]ocj, do atque concedo tibi, Petro Martinj, et uxori tue Tereyga Iohannis, et tibi, Pe[tr]o Munionis, fr[ater] [---]uo, illum m[ontem] et locum qui dicitur A Regueyra de Greyoáá, sicut diuiditur per marcum qui stat en fondo do [co]luto de Greyoáá, et inde sicut uadit ad regaria que se parte do [---]o de Senor[in], ex altera parte sicut diuiditur de Seqúeiras et uenit ad regarium qui uenit int[er] forum de [---] |⁷ e isto foro sobre dito.*

AA, Fondo Pergameos, Mosteiro de Sto. Estevo de Chouzán, mazo 1A, nº 6 (1262, Marzo, 20). *Notum sit omnibus hominibus tam presentibus quam futuris quod ego, domna Maior Sancí, priorissa secunda monasteríi Sancti Stephanj de Flauzano, uná cum conuentu monialium et clericorum eiusdem locj, do atque concedo tibi, Johannj Sancí, et*

5 Véxase Gutiérrez Pichel / Cabana Outeiro 2007: 147-53 (§ 4) e Gutiérrez Pichel 2007: 62-5 (§ 4.3), para unha análise da introdución e disposición do elemento romance na estrutura interna dos docs. latinos galegos en época de emerxencia.

6 Repárese no último enunciado do terceiro exemplo en como o hibridismo se visualiza con máis claridade naquelas secuencias engadidas por esixencias do contexto real (facendístico) e non como froito das formalidades emanadas da armazón diplomática do documento.

uxori tue, Marine Dominicj, montem illum et locum que habet monasterium de Flauzano in loco qui dicitur Bidoéyro cum omni sua uoce et iure, sicut diuiditur per regarium que uadit inter istud forum et forum Petri Iohannis de Ruyriz, et inde sicut uadit de isto regario ad marcum qui stat prope quercum cauado, et inde sicut uadit de isto marco per alios marcos que stant per cunbrum et uadit **per directuram áo marco que \e/stá** inter petras, et inde sicut uadit per alios marcos que stant super ágrum de Lamela, et inde sicut uadit per marcos qui stant **étre á** Estiuada Noua et Uetera et inde sicut uadit **fírír áo márcó do Féál**, et inde sicut uadit per uiam que uadit de Lamela para Sancta Marina de Uiascóés sicut diuiditur de hereditate Sanctj Iohannis da Coua de ista supradicta. In super do et concedo uos omnes supradictj **ó quínon que suía téér ó casár do Pereyro na uila de Lamela.**

O mesmo notario que redacta estes documentos continúa, a partir de 1279, a súa labor escrituraria en romance, mais agora como auxiliar de Roí Pérez, notario real en Chantada e Monterroso (1279-1283). A escolla lingüística deste amanuense (a partir de 1279) posiblemente teña que ver non só coa ‘afinidade’ romance á que acabo de referirme (ensaiada nos devanditos docs. híbridos), senón tamén coa súa condición de auxiliar de Roí Pérez, cuxa condición de notario real referenda neste momento (aparece por primeira vez en 1276) o achegamento á difusión e normalización do romance ratificadas pola lexislación do rei Sabio, o que supón o pulo –institucional– definitivo en favor do despegue hexemónico do monolingüismo romance na produción instrumental galega.

Mais non é ata abril de 1262 cando se escribe o primeiro documento integramente en romance, baixo a pena de Xoán Arteiro, notario de Temes de Vilaúxe, e o cruño fedatario de Airas Moniz, notario en Monterroso (o que precede a Roí Pérez na mesma área xeográfica). Cando menos, semella que tres circunstancias axudaron ao cambio de lingua na escriturización dos actos negociais orixinados na contorna deste mosteiro.

Por unha banda, estes dous primeiros textos (nº 1 e 2 da edición) supoñen a textualización dunha nova tipoloxía documental: ata este momento o contrato enfiteutico fora a única actuación rexistrada por escrito, mais agora as dúas primeiras vendas inauguran a introdución do romance⁷. Máis significativo é que a *actio* que reflicten estes diplomas se establece entre particulares de natureza non eclesiástica, ao contrario que na documentación precedente, na que a parte foreira era case sempre a priora ou algunha das monxas do cenobio. En terceiro lugar, a redacción en romance coincide cunha dupla intervención notarial: a do

7 Como se observa na figura anterior, o cambio de lingua tamén ten lugar na outra dirección e por razóns similares: ca. 1287 Roí Pérez redacta unha sentenza xudicial en latín, inserida posteriormente nun relato de avinza escrito en romance.

notario auxiliar⁸ (Xoán Arteiro) e a do principal (doc. 1: Airas Moniz; doc. 2: Roí Pérez), o que posiblemente favorece —como se dixo antes— un contacto máis directo co monolingüismo romance garantido desde o ámbito lexislativo. Téñase en conta que Xoán Arteiro xa aparecera dous anos antes (a. 1260) redactando un aforamento en latín⁹.

3. Criterios de transcripción

Nesta ocasión apenas dispoño de espazo para desenvolver os criterios de transcripción utilizados; por esta razón remito ao lector a outro traballo noso (Gutiérrez Pichel 2008: 93-6, § 6.1) para a súa consulta. A edición interpretativa¹⁰ destes documentos pretende conservar ao máximo posible as características do texto orixinal, sempre que foi posible atribuírlles algún tipo de pertinencia lingüística. Ao mesmo tempo, co fin de facer máis accesible a lectura dos textos, levouse a cabo algunhas intervencións regularizadoras, centradas na modernización —segundo a norma actual— do uso das maiúsculas e minúsculas, dos signos de puntuación e da unión e separación de palabras. A acentuación, no entanto, non foi obxecto desta intervención, así que se conservou a do texto orixinal (plicas).

Indico a continuación as convencións gráficas empregadas:

- ‘|’: indica a separación orixinal dos elementos constitutivos de certas palabras cuxa configuración escripto-lingüística é relevante (ex. “*j_nmentaren*”).
- ‘_’: indica a separación de formas ligadas no orixinal por razóns de índole fónica ou gráfica e que poden ser lingüisticamente salientables (ex. “*Johan n_Arteiro*”).
- ‘\ /’: palabras ou letras escritos no interliñado.
- ‘()’: caracteres engadidos por esixencias do sentido debido ao esquecemento evidente do amanuense.
- ‘[]’: reconstrución segura dun determinado treito no que o soporte está deteriorado ou desaparecido. Esta intervención foi realizada tendo en conta, en primeiro lugar, a *scripta* do notario (vid. infra; ex. doc. 2, nota 16).
- ‘[...]’: o soporte está deteriorado e a lectura non é posible.
- ‘[---]’: o soporte está desaparecido.
- ‘< >’: lecturas problemáticas ou dubidasas.
- ‘< >’: indica a corrección feita polo propio amanuense; cando é pertinente este sinal vai acompañado dunha nota a pé na que se indica a motivación da corrección.

8 Neste caso, tal labor é expresada co sintagma “per mandado de” (doc. 1) e “en lugar de”.

9 En González Balasch 2004 rexístrase a nómina dos notarios vinculados a Chouzán até 1400.

10 Para a que se tomou como referencia os traballos de C. de Azevedo Maia (1986: 19-33), R. Lorenzo (1988: 10-17 e 2004: 449-58), A. M. Martins (2001: 42-52) e J. A. Souto Cabo (2008a).

- ‘{ }’: desenvolvemento de símbolo abreviativo con carácter anfibolóxico. A expansión dalgunhas formas abreviadas resulta especialmente problemática cando existe un desfase entre o símbolo gráfico da abreviatura (de carácter latinizante/etimoloxizante, herdado maiormente do sistema (braqui)gráfico latino; ex.: “d̄cto”, “Iohñs”, “m̄d” “m̄ön”, “pl̄z”, “tl̄ā”) e a grafía da forma plena (romance: {{*dicto*} ‘dito’, {*Iohannis*} ‘Eanes’, {*medium/medio*} ‘meo’, {*moneta*} ‘moeda’, {*pelaez*} ‘Paez’, {*miguelez*} ‘Miguejz, Miguez’).

Por último, cómpre indicar que, para resolver certas abreviaturas das que non consta a correspondente forma plena ou esta non é sistemática, acudo ás atestacións correspondentes á *scripta* de cada notario (no caso de Roí Pérez, á documentación de 1279-1283), ou á información do conxunto da colección documental en cuestión (circunscrita á 2ª metade do séc. XIII). Por outra parte, foi necesaria a consulta crítica do acervo textual do período estudado que nos ofrece o TMILG¹¹.

4 Primeira documentación romance

1

1262, abril, 5.

Domingo Pérez e súa muller, Sancha Fernández, venden a Pedro Verao a leira que chaman de Paigordo, con outorgamento de Sancha López, prioresa do mosteiro de Chouzán.

A. AA, Fondo Pergameos, Mosteiro de Sto. Estevo de Chouzán, mazo 1A, nº 7 (sign. ant. mazo 3, nº 43). Galego. 190 x 167 mm. Gótica documental. Bo estado de conservación. Extracto en *Pauta de pergameos* A15, fol. 111r.

ED.: Moure Pena 2005: 145-6, nº 9 (fragm.); Souto Cabo 2008a: 161-2, nº 157. REX.: Martínez Sáez 1984: 143, nº 22; Buján Rodríguez 1996: 223, nº 301. CIT.: Martínez Sáez 1984: 57; Moure Pena 2005: 132, n. 29; López Morán 2005: 53.

Jn Dej nomine amen. Cognoscuda cousa sega aus *que* sum presentes e aus |² *que* am de uír *que* eu, Domingo Perez, jn_un cum mja moler *Sancha* Fernandjz e |³ cum meus filios Viujan Domingjz e Marina Domingjz, presentes e outorgantes, e per |⁴ *conselo e per* outorgamento de dona *Sancha* Lopiz, prior do moesteyro de Sant’ Esteuãu |⁵ de Chouzãu e do *conuentu* das donas dese míssimo lugar, presente e outorgante, |⁶ vendo a uos *Pedro* Uerão e a uosa moler *Marja* {*Johannis*} e a toda uosa uoz |⁷ pra por sempre, a leyra *que* chaman de *Paygordo*, como se parte da *que* comprou G. |⁸ *Perez e* como se parte da de {*Sancta*} *Uaya* perlo *Escoual*, cum todas sas *pertízas*, por prezo |⁹ nomeado XXX^a soldos da bõa moeda de *que* nus outurgamus por ben pa|¹⁰gados. E uos e uosa

11 Xavier Varela Barreiro (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <<http://ilg.usc.es/tmilg>>.

uoz que fazadjs o furo desta lejra áo moestejro qual |¹¹ nos aujamos de fazer, que e meo e dizimo de todolus frojtos que Deus en ella der, |¹² saluo de pan de que dedes terza se uos non deren semente, e se uos deren semente |¹³ dardes meo de todo. E uos e uosa uoz seerdjs senpre amparado con esta uen |¹⁴çon a todo tempo per todas nosas boas.

Jsta erdade jaz sú_ú signo de {Sancto} Este |¹⁵uau de Chouzan en aquel lugar a que dizen de Paygordo.

Eu, dona *Sancha* Lopjz, prior, |¹⁶ é ó conuento sobre{dicto}, outorgamos a uençon |¹² que *Domingo Perez* e sa moler e seus fillos fazen |¹⁷ a *Pedro Uerão* e sa moler *Maria* {*Johannis*} e a sa voz pra por senpre; e reçebemos |¹⁸ este *Pedro Uerão* e sa moler *Marja* {*Johannis*} e sua uoz por foreyros de *Chouzan* |¹⁹ pra por sempre deste forum sobre{dicto}, e elles que fazan o forum ao moestejro qual de |²⁰suso {dicto} e. E todo ome que morar en aqeste lugar seér vasalo do moestejro |²¹ seruente e obediente.

E quen quer que contra esto quiser pasar aga a jra de Deus e pej |²²te de pãa a uoz del rej L *morauidis* e a uos dubre quanto demandar; e a carta fique |²³ senpre en seu reuor permaecente.

Fejta a carta V dias andados d'abril, su era |¹³ M^a |²⁴ CCC^a. Rej don_Afonso jn *Leon* e jn *Castela*; o_bispo don *Miguel* jn *Lugo*; don_Afonso |²⁵ *Fernandjz*, ten *Monteroso*; don_Andreu, endeantado del rej jn *Galiza*.

Os que foron |²⁶ presentes desta carta fazer: *Martin Migejz*, *testjmua*¹⁴; *Pay Fernandjz*, *testjmua*; *Romeu Domingujz*, *testjmua*; *Domingo Mo* |²⁷ njz, *testjmua*; *Pay Perez*, *testjmua*; *Martin Fernandjz*, *testjmua*; *G. Perez*, capelan de *Chouzan*, *testjmua*.

Eu, *Johan* |²⁸ n_Artejro, notario de *Temijs* e de *Ujlaxe*, per mandado d' *Arjas Monjz*, notario de *Mon* |²⁹ teroso, que fuj presente e escriuj esta carta e puge y meu sinal en testjmuo de uerdade (*signo*).

2

1267, abril, 24.

Dona Sancha López, priora do mosteiro de *Chouzán*, con outorgamento do bispo de *Lugo*, fai prestimonio a *María Fernández* e seus fillos dun casal na vila de *Loureiro*.

A. AA, Fondo Pergameos, Mosteiro de Sto. Estevo de Chouzán, mazo 1A, n.º 8 (sign. ant. mazo 2, n.º 27¹⁵). Romance. Quirógrafo (abcde). 230 x 180 mm. Gótica documental. Regular estado de conservación (roto no ángulo superior esquerdo). Extracto en *Pauta de pergameos* A15, fol. 108v.

ED.: Souto Cabo 2008a: 209-10, n.º 218. REX.: Martínez Sáez 1984: 146, n.º 23; Buján Rodríguez 1996: 223, n.º 302. CIT.: López Morán 2005: 53.

12 O <ç> parece corrección dun <z>.

13 Cun <a> visigótico por riba, innecesario.

14 Desenvolvo a partir da forma plena *testjmuo* presente na l. 29.

15 No recto indícase outra cota arquivística antiga: n.º 22.

Jn nomine Domini nostri Jhesu Christi Amen. Cognoscuda cousa se[ga aus] |² que sum presentes e aus que am dj uír que eu, dona¹⁶ [---] [pri]|³or de Chouzan, jn um cunno conuento dese mísmu lugar, prese[nte] |⁴ e outorgante, e per mandado e per outorgamento do bispo don Miguel d[e Lu]|⁵go, damus a uos Maria Fernandiz, moler d' Oueco Luz, e a uosus fj|⁶lus nomeadus Sancho Ouequíz e Ffernan Ou(e)quíz, o casar que a o moesteiro de |⁷ Choucan jn, na ujla de Lorejro, con todas sas pertúncas e con toda sa uoz |⁸ a montes e a fontes e con todos seus iximentos e con seus jntramentus |⁹ e con todolus dereyτος quada ú-ús uos poderdes achar, asi com[o] o mu|¹⁰isteiro ten a gur e a mao.

Conuen a saber per qual preito que uos [tu]dus |¹¹ tres sobre|dictus¹⁷ tenades iste casar qu'e de susu|dictu jn toda uosa |¹² [u]jda; e se uos tudus tres pasardes ante qua ese Oueco Luz, |¹³ se de|suso dicto ficar, le iste casar sobre|dicto jn qu[al] condiçon |¹⁴ <que> o uos auedes a téer jn toda uosa ujda, e teerlu \il/ jn tod[a s]a uj|¹⁵da; e a morte de uos todos quatro sobredictus ficar i[st]e ca|¹⁶sar au moesteiro de Choucan jn paz e sen todo gresgu. E iste casal |¹⁷ nuncas lu jn, aleardes nen su|pinorardes aú moesteiro, e do moes|¹⁸teyro ampararen|uos con el asi com(u) úúlu dam a todo tempo [---] |¹⁹tu a uos todus quat\tr/u sobre|dictus. E se do moesteiro a [i]ste p[r]ej|²⁰to q[ue] e di sús|dictu ou a ista carta quíseren pasar, perla out[o]r[i]da|²¹de del rej peiten|uos a uos sobredictus C moraujdijs, e a carta fi|²²que jn seu reuor.

Fejta á carta jn, nu mes d' abril, VIIJ dias |²³ ante queindas majas, sub era de M^a CCC^a V anus. Rej don_Afonso, |²⁴ rejnaua jn Leon e jn Castela e jn Cordoua e jn Siujlia; o_bispo don Miguel |²⁵ jn Lugo; don n_A|fonso Fernandiz ten Monteroso; don n_Esteuou Fer|²⁶nandjz, jndeantado del rej jn Gal(i)za; o abade don Johan d' Osejra¹⁸, tem|²⁷no couto de Lourejro.

Os que forun presentes desta carta fazer: |²⁸ Juan Perez, prelado de Sanc Cristouóu do Souto, *testemuya*¹⁹; Juan Sanchiz, pre|²⁹lado de San Romá, *testemuya*; Arias Eanes, prelado de Sancta Ma|³⁰ria de Temejs, *testemuya*; Lupu Muogo, prelado de Sancta Mar[i]ja de |³¹ Marçaes, *testemuya*; Juan n_Aluariz, prelado de Sanct' Aua de Bual, *testemuya*; |³² Martjn Fernandiz, prelado de Sancta Marina de Ujascoes, *testemuya*; Domjn|³³go Martjz, prelado de {Sancta} Maria de Uermui, *testemuya*; Juan de Castro, cleri|³⁴go de Lousada, *testemuya*; Munjo Rodrigiz, clerigo, *testemuya*; Pay M\u/ogo |³⁵

16 Con lineta superior.

17 A diferenza do doc. anterior (no que a terminación <-os> é maioritaria), neste texto o símbolo abreviativo '9' interpretóo sempre como "us", xa que na *scripta* de Airas Nunes (lembramos que este diploma é un autógrafo seu) é amplamente maioritaria a forma plena <-us>: *aus* (2), *damus*, *fjlus*, *jntramentus*, *nomeadus*, *sobredictus*, *todolus*, *todos*, *todus*, *uosus* (cfr. *dereyτος*, *iximentos*, *todos*). É significativo tamén como a maioría das atestacións do clítico masculino ilustran este trazo arcaico: *lu* (3), (*jn*)*nu* (cfr. (*d*)*o*, (*cun*)*no*).

18 Estas tres últimas palabras son corrección de "ten no couto de Lourejro", escrito por erro a partir de "Johan".

19 É a forma maioritaria na produción instrumental do mosteiro ata a última década do século (a. 1288).

de Chouçan, *testemuya*; Martjn Fernandez, clerigo, *testemuya*; Ruy Garcja, cau\|a/|³⁶leiro, *testemuya*.

Arias Moñjz, notario de Monterosu *que me escriujo (signo)*.

3

1276, xaneiro, 17.

Dona Sancha López, priora do mosteiro de Chouzán, afora a Roí González e súa muller María Pérez, xunto co seu irmán Airas González, as herdades que posuira súa avoa en Cudeiro (conc. Ourense) e en Santa María de Coiras (conc. Piñor).

A. AHN, Clero, A Coruña, S. Paio de Antealtares, carp. 522, nº 5 (sign. ant. AHN leg. 312, nº 76; AA mazo 1, nº 46). Galego. Quirógrafo (abcde). 134 x 131 mm. Gótica documental. Excelente estado de conservación. Extracto en *Pauta de pergameos* A15, fol. 105v.

REX.: Martínez Sáez 1984: 156, nº 27. CIT.: López Morán 2005: 53.

Jn Dej *nomine amen*. Sabuda cousa sega a *quantos* ista carta |² viren que eu, dona *Sancha* Lopiz, prior de Choçan, jn um conno |³ conuento, presente e outorgante, damos a uos, Roy Goncalujz, |⁴ e a uosa moler, Maria Perez, e a J <f>ilo ou fila o qual dela ouer|⁵des, e a uoso jrmao Arias Gonçaluyz, *quanta* erdade auja |⁶ vosa nana, Eldara Fernandez, jn Codejro e jn Sancta Maria |⁷ de Couas.

Per tal preyto *que* a tenades jn to<d>a²⁰ uosa uida, e *que* de|⁸des jnde cada áno VIJ soldos²¹ da moeda branca, a qual ora anda, |⁹ áas donas jn dia de Sanct' Esteuou. E qual de uos sobredictos |¹⁰ primejro pasar, ficar a_irdade jmos outros; e po<i>s *que* pasa|¹¹dos uos sobredictos fordes, ficar a_irdade quíta e liure ao |¹² conuento de Choucan e jn mentaren sempre uos e uosa na|¹³na a Deus e a Sanct' Esteuo. E parte que a_ista carta ou |¹⁴ a_iste preyto quiser pasar aga a jra de Deus e pejte a outra \parte/ L |¹⁵ morauidis perla outoridade de<l>²² rej, e a carta fique jn seu reour. |¹⁶

Fejta a carta XV djas por andar de janejro, su era²³ de |¹⁷ M^a CCC^a XIII^a anos. Rej don_Afonso jn Leon e jn Castela.

Os *que* presen|¹⁸tes forun desta carta fazer: Lopo Lopiz, caualejro, *testjmua*²⁴; |¹⁹ Johan Eanjs e Pay Perez e Roy Gonçalujz, capelais de Chouçam, |²⁰ *testjmuas*; Johan Lopiz, dicto Boroa, *testjmua*; Pedro Rodrigiz, *testjmua*. |²¹

Eu, Johan n_Artejro, notario jn Temejs, jn lugar de Roy Perez, |²² notario ²⁵ rey jn na Pobra de Chantada e no alfoz, iscri|²³vi ista carta e per mandado das partes e pono y meu sinal (*signo*).

20 O <d> é corrección dun <t> anterior.

21 Cun lineta superior.

22 Parece que o <l> é corrección dun <t> anterior.

23 A forma leva un <a> voado redundante.

24 Desenvolvemento contrastado coa forma plena presente no doc. 1 (l. 29), redactado polo mesmo notario.

25 O <d> é corrección dun <j> previo.

Bibliografía

- BUJÁN RODRÍGUEZ, M. M. (1996): *Catálogo archivístico del monasterio de benedictinas de San Payo de Ante-Altare, Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago.
- GONZÁLEZ BALASCH, María Teresa (2004): "Notariado y notarios en la documentación de los monasterios de Ferreira de Pantón y Chouzán", *Acta Historica et Archaeologica Medievalia*, 25 (2003-4), pp. 885-901.
- GUTIÉRREZ PICHEL, R (2007): "A documentación latino-romance 'non dispositiva' na emerxencia do galego escrito", *Cadernos de Lingua*, nº 29, pp. 45-108.
- GUTIÉRREZ PICHEL, R. (2008): "A documentación non-dispositiva na emerxencia do galego instrumental: a *pesquisa* e o *relato procesual*", *Verba*, 35, pp. 73-120.
- GUTIÉRREZ PICHEL, R. ([2008]): *Edición da documentación medieval do mosteiro beneditino de Sto. Estevo de Chouzán (sécs. IX-XIII)*. Memoria de Licenciatura inédita codirixida por Xavier Varela Barreiro e Ramón Mariño Paz. Universidade de Santiago de Compostela.
- GUTIÉRREZ PICHEL, R. / CABANA OUTEIRO, A. (2007): "Parámetros para o estudo da introdución do romance na documentación notarial galega", in A. Boullón (ed.): *Na nosa lingoage galega: A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 129-157.
- LÓPEZ MORÁN, E. (2005): "El monacato femenino gallego en la Alta Edad Media (Lugo y Orense)", *Nalgures*, 2, pp. 49-142 (Sto. Estevo de Chouzán: pp. 49-59).
- LORENZO, Ramón (1988): "Normas para a edición de textos medievais galegos", in D. Kremer (ed.): *Actes du XVIII^e Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Tübingen: Max Niemeyer, 1988, vol. 6, pp. 10-17).
- LORENZO, Ramón (2004): "Edición de documentos medievais. Problemas que presentan algunhas abreviaturas", in R. Álvarez / A. Santamarina (ed.): *(Dis)curso da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 449-58.
- MAIA, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.

- MARTÍNEZ SÁEZ, A. (1984): *Colección diplomática del monasterio de San Esteban de Chouzán (IX-XV)*. Memoria de licenciatura inédita dirixida por J. I. Fernández de Viana y Vieites. Universidade de Granada.
- MARTINS, Ana Maria (2001): *Documentos Portugueses do Noroeste e da região de Lisboa*. Lisboa: Imprensa Nacional – Casa da Moeda.
- MOURE PENA, Teresa, C. (2005): “Revisión Histórico-Documental en torno al antiguo monasterio beneditino de San Esteban de Chouzán”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo* (BMPLu), XII, 2º vol., pp. 125-169.
- SOUTO CABO, José António (2003b): “Nas orixens da expresión escrita galego-portuguesa. Documentos do séc. XII”, *Diacrítica. Ciências da Linguagem*, 17, 329-285.
- SOUTO CABO, José António (2006): “Inventário dos máis antigos documentos galego-portugueses”, *Agália*, 85-86, 9-88.
- SOUTO CABO, José António (2008a): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- SOUTO CABO, José António (2008b): “Do latin ao galego(-portugués): tempos, modos e espazos para unha mudanza escritural na documentazón notarial galega do séc. XIII”, in ELVIRA, J. / FERNÁNDEZ-ORDÓÑEZ, I. *et alii* (eds.): *Lenguas, Reinos y Dialectos en la Edad Media Ibérica. La construcción de la identidad. Homenaje a Juan Ramón Lodares*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert, pp. 167-190.
- TMILG = Xavier Varela Barreiro (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, <<http://ilg.usc.es/tmilg>>.

Doc. 3

146

In nomine domini. Sabuda causa feta...
 vire. Que eu dona. s. lopy. por de choa. In un...
 Summo pence uouitorgate. Dam dyos. Voig...
 r auosa molep maria p3 ea. j. flo ou fila cil dela ou...
 r auosa j r maos d r as gocaluz. quita cidade d...
 nana edaya se nady moadeyo r j sancta m...
 fcal p r o qacena des j co da uosa uida. r q...
 de cada ano. vij. folos. d amoda braca a gl ora and...
 fcal. j dia de pinceprouou. r q l de uos sobredie...
 p m e p p a p f i a p a y d a d e j n o s o u t q u o s . r p o s q p a p a
 d o s u o s s o b r e d i e o s . f u r d e s . f i a p a y d a d e q u a u l u p e a o
 o s u o s d e c h o u z a . r m e t a r e t e m p r e u o s r u o s a n a
 n a a d a u s . r a f i n e s . r a u o . r p r e q u e . a i s t a c a r c a o u
 a i s t e p r o q u e p a p a a p a p a d e p a p e e a d u q a l .
 m p l a o u c o u d i a d e t e j r a c a p r a f i r m e u p e u o z
 f e j a a c a p r a . x v . d i a s p o r a n d y d e j a n e i r o . o u e r a d e
 e e e x i i i . a n . B y d o n a f o n s j l e o r j c a s t e l a . O s q p s e n
 f o u i d e s t a c a r c a f i z e r . L o p o l o p y a u d e j r o
 j o h a e a n s . r p u p y . r j o j g o c a l u z a p e l a s d e c h o u z a n
 j . j o h a l o p y d i c t o l o r a i . r . p e d r o r o d r i g u z
 E u j o h a n a p a r o n o c a r o j c o m e s j l u g a r d e p r y p
 n o c a r o d e p r y j n a p o b r a d e c h a c a d a r n o a l f u z r
 i n i s t a c a r c a r p m a d a d e d a s p a r r p o n o j m e u f i n

16